

**PLENO DO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**
**- INFORME DE ACORDOS ADOPTADOS -**

DATA DA SESIÓN	LUGAR DE CELEBRACIÓN	HORA
02/10/2008	Sala de Plenos do Consello Social da UDC Centro Universitario de Riazor R/ Almirante Lángara, s/n. A Coruña - España	19:00 h.
MEMBROS ASISTENTES		
<p><b>PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL</b> D. Antonio Abril Abadín</p> <p><b>MEMBROS NATOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA</b> D. José María Barja Pérez. Reitor D. Manuel Galdo Pérez. Xerente</p> <p><b>EN REPRESENTACIÓN DE GOBERNO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA</b> D. Luis F. Barral Losada D. José Felipe Fernández López D. Gael González Beira</p> <p><b>EN REPRESENTACIÓN DOS INTERESES SOCIAIS DE GALICIA</b></p> <p><b>A) DESIGNADOS POLO PARLAMENTO DE GALICIA</b> D. Manuel Caamaño Suárez D. Juan Carlos González Fernández D<sup>a</sup>. Sonia Romero Teijo D. Marcelo Castro-Rial Schuler</p> <p><b>B) DESIGNADOS POLA XUNTA DE GALICIA</b> D<sup>a</sup> Olga Patiño Doval D. Bruno Díaz Doce D<sup>a</sup> Patricia Vila Castiñeira</p> <p><b>C) DESIGNADOS POLOS SINDICATOS</b> D. José Carrillo Souto</p> <p><b>D) DESIGNADOS POLAS ORGANIZACIÓNS EMPRESARIAIS</b> D. Enrique Ulloa Canalejo D. Antonio Couceiro Méndez</p> <p><b>SECRETARIO</b> D. Enrique Muñoz Lagarón</p>		

<b>ACORDOS ADOPTADOS</b>
- Apróbanse as actas das sesións celebradas o 5 de xuño de 2008 e 16 de xullo de 2008.
- Désígnase, ao abeiro do disposto no art. 6 h) do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Social da Universidade da Coruña, a D <sup>a</sup> Patricia Vila Castiñeira, como representante no Padroado " Fundación Río del Pozo", e a D. Enrique Ulloa Canalejo, como representante no Consello de Goberno da Universidade.
- Apróbase, ao abeiro do disposto no art. 4 h) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia, a resolución do complemento autonómico por cargos de xestión ao profesorado proposto pola Comisión de Organización Académica e Profesorado da Universidade da Coruña, logo da valoración realizada pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.
- Apróbase, ao abeiro do disposto no art. 4 h) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia, a resolución do complemento autonómico por cargos de xestión ao profesorado proposta pola Comisión de Organización Académica e Profesorado da Universidade da Coruña, logo da valoración realizada pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.
- Apróbase a resolución do complemento autonómico ao labor de docente e investigador do profesorado proposto pola Comisión de Organización Académica e Profesorado da Universidade da Coruña, logo da valoración realizada pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.
- Acórdase, ao abeiro do disposto no art. 4 e) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Univeristario de Galicia, fixar as tarifas para o curso 2008/2009, dos cursos da Cátedra Jean Monnet da Universidade da Coruña. No Decreto 147/2008, do 10 de xullo (DOG 21 de xullo), polo que se fixan os prezos correspondentes a estes estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario para o curso 2008/2009, establécese o prezo do crédito para as ensinanzas renovadas, epígrafe B, que se aplicará a estes cursos.